

A thick, solid green horizontal bar with a stepped, blocky top edge, extending from the left side of the page towards the center.

**ANEXO**

**Os  
bosques  
de  
Galicia**







### O ameneiro



**Altura:** 25 metros.

**Tronco:** recto e esvelto.

**Casca:** gris parda.

**Madeira:** resistente á auga; amarelada e co tempo, avermellada.

**Folla:** caduca, verde escura, arredondada, dentada.

**Hábitat:** lugares húmidos e ríos.

### Bosque atlántico mixto

As fragas do Eume forman un gran bosque de clima oceánico, frondoso e húmido. En xeral, o carballo mestúrase con outras árbores caducifolias como castiñeiros, bidueiros e abeleiras. As beiras do río están ocupadas por freixos, salgueiros e ameneiros. A parte baixa do bosque está alfombrada por enormes fieitos e musgo, e a parte alta por arbustos que precisan menos humidade como toxos, xestas e queiroas.



## O castiñeiro



**Altura:** 25 metros.

**Tronco:** recto, curto e grosso.

**Casca:** agretada, parda agrisada.

**Madeira:** amarelada, moi valorada para fabricar mobles.

**Folla:** caduca, grande, verde, ovalada, dentada.


**Froito:** castaña envolta nun ourizo con espiñas.

**Hábitat:** lugares un pouco húmidos.

## Bosque mixto de transición

A devesa da Rogueira é o bosque con maior diversidade de Galicia porque se encontra afastada dos núcleos urbanos, na serra do Courel, nunha zona de transición entre o clima oceánico e o clima mediterráneo, máis seco.

Ademais dun precioso souto de castiñeiros ao lado do regueiro de Rogueira, atopamos na parte baixa vexetación mediterránea de aciñeiras, rebolos e plantas aromáticas como tomiño, ourego e menta. E na parte alta mestúranse os carballos e as faias con teixos, sorbeiras, abeleiras, bidueiros, freixos e acivos.



## O eucalipto



**Altura:** 30-60 metros.

**Tronco:** recto e longo.

**Casca:** lisa, parda clara con manchas grises.


**Madeira:** branda, de crecemento rápido para fabricación de papel.

**Folla:** perenne, alongada, verde azulada.

**Hábitat:** terreos pobres de clima temperado.

## Bosque de eucaliptos

A cinco quilómetros de Viveiro, na parroquia de Chavín, atópase este eucaliptal centenario. Foi declarado «monumento natural» polo extraordinario tamaño dos seus exemplares, especialmente do chamado «avó», que mide máis de 60 metros de altura e 10 metros de perímetro, o que o converte na árbore máis grande de España.



## O teixo



**Altura:** 20 metros.

**Tronco:** recto e grosso.

**Casca:** marrón.


**Madeira:** crecemento moi lento; moi prezada en mobles de calidade.

**Folla:** perenne, alongada, delgada, verde escura.

**Hábitat:** montañas húmidas e frescas.

## Bosque de teixos

Preto da montaña máis alta de Galicia, Pena Trevinca, atópase un bosque máxico, o único bosque de teixos que queda en Galicia e, probablemente, o mellor conservado de España. Estas árbores centenarias entrelazan as súas ramas filtrando a luz e formando unha parra xigantesca que refresca un ambiente sombrío de conto de fadas.



### O loureiro



**Altura:** 5-10 metros.

**Tronco:** recto.

**Casca:** agrisada.


**Madeira:** moi dura, carpintería de calidade.

**Folla:** perenne, lanceolada, verde azulada, usada na cociña.

**Hábitat:** terreos frescos sen xeadas.

### Bosque de loureiros

No interior da ría de Arousa, moi preto de Carril (Vilagarcía) encóntrase a illa de Cortegada, toda ela cuberta de bosques. Ademais de carballeiras e piñeirais, posúe un dos bosques máis grandes de loureiros de Europa, que son árbores máis propias de climas meridionais máis húmidos e cálidos. Cortegada forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas xunto coas illas Cíes, Ons e Sálvora.



### O carballo



**Altura:** 40 metros.

**Tronco:** recto, curto e groso.

**Casca:** agretada, agri-sada parda.

**Madeira:** dura, resis-tente, apardazada.

**Folla:** caduca, grande, lobulada, verde escura.

**Hábitat:** terreos húmi-dos e frescos.

### Bosque de carballos e castiñeiros

Os castiñeiros e carballos centenarios deste bosque situado nas aforas da vila de Lalín alcanzan 30 metros de alturas e 5 metros de perímetro, o que os converte en árbores moi prezadas que foron declaradas «monumento natural».